

**CRÓNICA HISTÓRICA**

# Tralos pasos de Domingo Fontán

*O matemático e cartógrafo, autor do primeiro mapa moderno de Galicia, percorreu a Terra de Soneira en 1823*

**XOSÉ MARÍA LEMA SUÁREZ**

PRESIDENTE DO SEMINARIO DE ESTUDOS DA COSTA MORTE

O investigador brasileiro Vítor Hugo Brandalise atópase en Galicia iniciando un ambicioso proxecto, *El primer rostro de Galicia*, para La Voz de Galicia, que consiste en volver a facer a ruta que seguía o ilustre matemático e cartógrafo galego Domingo Fontán (1788-1866) para facer a *Carta Geométrica de Galicia*, o primeiro mapa moderno de Galicia. Fontán era discípulo do matemático José Rodríguez, do que recibiou, na segunda década do século XIX, a tarefa de levantar este mapa en base á triangulación xeodésica, o sistema de medición co que se deseñara o mapa de Francia tempo atrás.

A partir de 1817 Fontán emprendería en solitario este traballo, establecendo as primeiras estacións xeodésicas para a medición do territorio galego nunha aldea de Ordes e na Torre do Reloxo da catedral de Santiago. Despois de superar múltiples contratempos burocráticos —debidous ás represalias políticas por parte dos absolutistas, pola súa ideoloxía liberal—, conseguiu rematar o seu mapa en 1834, pero aínda tivo que esperar a 1845 para velo impreso.

Brandalise contactou comigo e con outros membros do Seminario de Estudos Comarcas a principios deste mes para que o acompañásemos polos lug-

ares que percorrerá Fontán en 1823 pola Terra de Soneira, seguindo a ruta marcada polo seu caderno, pois seica a nosa comarca tivera o privilexio de ser escollida por Fontán en cuarto lugar de entre todas as de Galicia. Isto vén reforzar os informes históricos que servirán de alegacións cando a Xunta non incluirá a Terra de Soneira no borrador do *Mapa Comarcal de Galicia* de 1996, facéndono logo na versión definitiva de 1997.

Brandalise insistiu en facerme a primeira entrevista a pé do pazo de Follente (Zas), pois seica alí iniciara Fontán a súa andaina de traballo pola comarca. A escola deste lugar foi sen dúbida porque o pazo pertencía á familia de Antonio Loriga, daquela Xefe Político (gobernador civil) da recién creada provincia de A Coruña. Segundo o caderno de campo de Fontán continuámos polo vello camiño real de Santiago a Vimianzo, que fá por Tines e Salto, e non por Baio como a estrada actual. Así, detivémonos a pé da igrexa de Zas e pasamos polo ponte vella de Vilar en dirección á igrexa de Tines. Desde o seu adro Fontán pudo ver, como aínda se ven hoxe, o Pico de Meda e os montes de Treos.

Despois fomos a Monte Torán (Bamiro), pois el déralle moita importancia a este monte de apenas 220 metros de altitude, pois nel situou un dos vértices xeodésicos para a medición triangulada, cousa que aínda hoxe se



Domingo Fontán situou no Monte Torán un dos vértices para a medición triangulada que usou para facer o seu mapa. J. M. CASAL

mantén (hai un piar de cemento levantado polo Instituto Geográfico Nacional). A vexetación impidémos hoxe ver o que seguramente vira Fontán desde alí: o Pico de Meda e o mar de Traba.

**A feira de Torán**

O ilustre xeógrafo, que está enterrado no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval (Santiago), preocupouse de sinalar no seu Mapa, na aba norte de Monte Torán, unha importante «Feria», certificando así o que levamos repetido ben veces: que a Feira de Baio semper estivo na Piroga, polo menos desde 1740, e nunca se moveu do sitio.

Passando a ponte do río —que el chama «del Puerto» (e non Grande)—, sinala na veciña parroquia de Baio un edificio que hoxe xa non existe, lamentablemente: a «Torre de Bayo», e confirma a atinada intuición do finado erudito baile Francisco Romero Lema, que nos seus escritos falaba da exis-

tencia nesta vila da Torre do Escedeiro, que el situaba na volta do Campo do Rollo «y que se derrumbó a fines do siglo XVIII o a principios del XIX». O derrube foi aínda despois; en pouco se enganou don Paco.

Fontán tamén ascenderá ao campo da ermida de San Roque de Monte Coroado (Mira) e ao monte de San Bartolomeu (Salto), para ollar desde elas outras zonas da bisbarra soneirá. Alí estiveron agora con Vítor Hugo, os colegas Evaristo Domínguez e Xan Fernández Carrera. No seu caderno, Fontán levaba anotados puntos referenciais de case todas as parroquias soneirás; entre eles as Torres do Allo e a Torre de Vimianzo, os montes Faro e Sangre, a torre da igrexa de San Xorxe de Buria, Nosa Señora do Monte e a «Peña del cabo Vilafán», o extremo occidental da Terra de Soneira, a onde chegou o 17 de decembro de 1823. Imaxinemos o cabio sen ningún dos faros, construído o antigo en 1854 e o segundo e definitivo en 1896.

**PUNTADAS SEN FÍO** Matalobos

Un atranco nun tubo provocou a vertedura de augas fecais no río do Canle...



TAL COMO ERAVOS

## A voltas coa EDAR de Malpica

Aínda non está construída, pero da estación depuradora (EDAR) de Malpica xa se falaba en 1993, cando Jesús Almuíña, delegado de Obras Públicas, visitou os terreos (na Plancha) acompañado polo entón alcalde, Manuel Pardines, e varios concelleiros. CASAL

**CITAS HOY****CARBALLO****Oktoberfest**

La carpa abrirá sus puertas a las seis de la tarde y a partir de las diez actuarán Los Mecánicos, O Tren da Unha y los dj's de la sala Bogaboga.

**CANCES****Fiestas**

Tras la misa de la una actuarán los grupos de baile de la asociación de Cances y por la tarde (18.00 horas) habrá un festival infantil. En la sesión vermu actuará el grupo Iris y en la verbena repetirá junto con la orquesta Filadelfia.

**FISTERRA****Concierto**

La orquesta titular y el grupo de voces mixtas de la agrupación musical Albéniz, de A Coruña, actuará esta tarde (19.00 horas) en el salón de actos de Fisterra. La entrada es gratuita.

**MUXÍA****Procesión y baile**

Muxía celebra el día de san Miguel con pasacalles de Xaramíños do Corpiño, una misa y procesión (13.00 horas). En la sesión vermu y en la verbena actuarán la charanga NBA y el grupo Puerto Rico. Por la noche también estará el dúo Delfín.

**CAMELLE****San Miguel**

La misa solemne será a las 13.00 horas y en la procesión participará el grupo de gaitas Jolpe de Mar. La orquesta Garibaldi actuará al mediodía y por la noche. Cerrará la fiesta la discoteca móvil Landy.

**CORISTANCO****San Adrián de Verdes**

La procesión será a las diez y la misa a la una. Después celebrarán la tradicional puja de gallos. Los Almirantes actuarán en la sesión vermu y en la verbena.